

## “E FOI UNHA DELAS ”.

A que ten saudades da lúa nun patio á calor, aquela que andaba á procura de figos ao romper a alba en Dona Mencía, quen volve en decembro ás mimosas en flor de Vigo, terá dende hoxe unha sombra de arbore silvestre para a luz da súa lingua gallada, e así nela pousar as palabras, non de sangue nin de leite, senón de herba que coidadosamente prende nas eiras, no asfalto, nos soños. Pois que senón son os libros: soños, carne do océano.

Neste mar océano é Marilar Aleixandre redeira. Compartir con ela esa ansía salgada permitíume un seu fermoso agasallo de agullas para atar os nós. Son atadeiras gastadas polos ventos no peirao, consumidas nas mans de quen cose mallas e espreita fondos escuros, así como quen entretece historias para desvelar os ocos, mandar mensaxes, mudar. Porque xa se sabe, as redeiras zurcen na beira do mar sólidas tramas para a auga, teas de cânabo que apreixan no esvarar líquido a carne do océano. De fondo, vedes a memoria das baleas, o seu despece nas rampas de Gures, esa memoria en branco e negro?. Gures, Toba, Cee, Pindo, Louro...os nomes dos lugares que ela cultiva nun prado escollido.

Así constrúe esta autora obra e biografía. É a arte das redes: apreixar no esvarar líquido dos días a carne do océano, iso que nos contén e nos desvela. E para iso decide lingua, xénero, memoria, relato crítico, intervención, ningunha vertixe e poucas maiúsculas, lonxe da grave afectación. Esa é a escolla desta escritora que hoxe celebramos, pois non é doado andar sen vertixe nestes tempos de abismos, nin ousar os acentos críticos en tempos de compracencias que se regalan na plácida práctica da escrita e ignoran que son agullas de madeira ou de ferro as que engastan as mallas, que son veneno e pugas as arestas da voz, que así ten de ser para alguén que anda sempre nas causas perdidas, esas que son soños antes de ser reais.

Cando Marilar Aleixandre chega a Vigo nos anos 70 trae o ritmo crebado desas outras cidades nas que viviu, ás que viaxou. Un relato intacto doutra experiencia: dunha infancia de



metros e asfalto, a da nena ourizo á que lle medran pugas baixo das uñas, a nena atravesada do catálogo de velenos, esa á que volveu cincuenta anos despois; porque volvemos á infancia cando podemos, cando o corazón resiste. Chega ao Vigo dos anos setenta, coa memoria da calor da liñaxe cordobesa do pai, a valenciana da nai e nela ven o ronsel dun Madrid no que aínda había mais persoas que coches. Mais hai algo de nómade nesta muller viaxeira, tal vez esa infancia de sobrevivir a nove mudanzas de casa con tan so oito anos, ou esa mocidade de andar as estradas de Europa en autostop, o cabelo desenguedellado no ar da rebeldía, ceibo no pouso da militancia antifranquista, rabudo na ollada oblicua do feminismo clandestino e esa esmerada educación *rockeira* e o cinema, os libros de Salgari, os escaravellos.

Hai algo nómade nesta muller viaxeira, o nomadismo de quen non se conforma no status quo, de que non acouga en xustificacións plácidas, de quen non se regala, un nomadismo que, ao xeito que apunta a filósofa feminista Rosi Braidotti, se refire ao tipo de conciencia crítica que se resiste a asentarse nos modelos, unha forma de resistencia política a toda visión hexemónica e excluínate da subxectividade. Porque a que hoxe celebramos ten a voz radicada no soño, con toda a esixencia que os soños, se se queren cumpridos, demandan: o esforzo, o labor, o traballo, andar revirada fronte aos dóciles discursos que imantan a conciencia, esa certa ousadía que alimenta as ansias de mudanzas. E milita na literatura como milita na vida: goce, curiosidade, dereito á voz, compromiso e razón. Esa é a paixón que nutre a súa intensa actividade cultural e literaria. Por iso participa na creación da Asociación Galega da Muller, encabeza a lista do Movemento Comunista de Galicia nas primeiras eleccións municipais, participa nos movementos de renovación pedagóxica, pertence ao Batallón Literario da Costa da Morte, fai Letras de Cal. Periplos que iluminan unha obra literaria construída cos vimbios da xustiza social, o dereito aos soños, a fantasía, o relato crítico do real e ese esmiuzar as tensións das convencións.

Pero antes da obra literaria foi a casa, a lingua. A casa que a nena ourizo atravesada de túneles, da memoria do limoeiro e dos billetes de metro, das sesións de cineclub e dos escaravellos, fixo nos anos setenta ao chegar a Vigo. Porque o universo estaba propicio, só

faltaban as palabras, a lingua que ela decide. E xa se sabe que “non tódolos bichos con lingua bífida son perversos”.

Lonxe do exotismo e da excepcionalidade, Marilar Aleixandre fai a casa con naturalidade: chega, aprende, fala, e escribe. É un exercicio de liberdade, un acto de amor, sen prexuízos, sen a pesada carga da memoria do espolio, sen victimización nin heroicidade, sen a fala tateada que nos prende a nos a razón e a historia. Asiste ás clases de galego de Francisco Carballo na Agrupación que logo sería a Asociación de Veciños do Calvario de Vigo e ano e medio despois, imparte xa as súas aulas no noso idioma, no seu. No 81 sae *Xilbarbeira*, un dos primeiros libros de ciencias en galego, do que é coautora, labor que terá continuidade noutros volumes de didáctica das ciencias. Así constrúe esta escritora a súa casa, cos materiais do entorno. Que lonxe esta casa das urbanizacións “adoquinadas” no desprezo, na impostura, na falacia do discurso, como se non fose tamén o urbanismo e a arquitectura, a lingua, unha cuestión política, un acto de amor

A lingua gallada é reflexiva, sábese bífida, non perversa, interrógase “se é posible falar coa lingua gallada/cantar se a lingua non mergullara en leite” e describe ademais o proceso: como se escapan os cés, desordenáanse os pronomes, e os tempos compostos queiman as ás. É a lingua partida que vai e ven, esixente e ferida, polos poemas e as historias. Atesoura con paixón palabras, os nomes do lugar “prado de Eiroas, Gumil, cova de Agrelo, Agra de Toba”, atesoura aquelas que andan esquecidas polos recunchos da cidade, as que a xente descarta, refugallos de conversa e anda Marilar recolléndoas: devalo, cabeceira, termar, reducio, estremonía ou bagulla.... Recólleas, lávaas, téndeas ao sol, e lévaas para a súa mesa de escribir, e “choendo aos poucos a páxina cunha palabra sobre outra”, encóntralles un sitio nun conto ou nun poema. Así constrúe a casa e a súa obra: nun acto de amoroso coidado da lingua partida. Con ela cose as mallas, restaura redes, abeirase ao mar no peirao, espreganta a escuridade dos fondos, lonxe da grave afectación.

De rastreamos os nós do tecido desta redeira a renovarse en cada marea

apuntariamos: as sombras da familia, as dobras da impostura, as esquinas da traizón, os respuntes dos clásicos, as agullas da desmemoria, as costuras dos soños...

E todo comezou cunha formiga coxa, unha ra peluda e unha cobra chosca. As tres á procura do paraíso ou da xustiza social ou do dereito a ser, esa aventura. Claro que seguramente todo comezou antes da *Formiga Coxa*, tal vez comezou cos peneireiros cinsentos e a súa extinción ou cunha de vampiros na facultade. O caso é que o horizonte fíxose amplo, o prado extenso, a casa grande. Unha casa de fiestras abertas ao nordés, ese desafío nas noites de verán por Toba, Cee ou polo Pindo ou por aquelas illas que non están nos mapas senón da imaxinación. E foron aparecendo cuartos, varandas, soleiras, corredores, balcóns, patíns, a memoria das illas e o relato oral na transmisión xeracional do coñecemento, as traizóns e os paraísos, o que soña O Roxo, os corredores da ética que todo o xustifica, as derivas do pasado revolucionario á alcaldía de dereitas, as outras vidas: as de Roque Dalton ou Rosa de Luxemburgo, o valor de quen se expón a *Cabeza de Medusa*, a denuncia do recunchos escuros das convencións sociais, o medo delas, noso, a ousada procura da identidade, ese proceso de maduración, e Ovidio, Brancaneves, Carapuchiña, as abellas desmentindo a primavera, a casa, a súa memoria salgada e o bambú que nos ata, e Seoane, o xogo de máscaras...que pensas ti lector, lectora, de min, do mundo? E os peñños pequenos do trasno de Alqueidon correndo polo faiado, e a musica de Derribos Arias e Poch, eses personaxes que chaman desde o alén dos mortos para se facer un sitio nas páxinas e na vida. E a nai, recreada, eses diarios contra si mesma.

Escoitade o rumor líquido. Hai unha rede de canles subterráneas por baixo da casa que abastecen de augas e ritmos poemas, contos, novelas, personaxes, motivos, temas... dialogan entre si, choutan dun relato a un poema, toman corpo da memoria á novela, restauran palabras doutras vidas. É o edificio literario de Marilar Aleixandre construído no labor demorado, na paixón, nunha voz poética arestada e laminar ou nos relatos da fascinación e da aventura, ou na distancia de quen levanta acta dun tempo convulso e anda as

rúas do real e intervén, toma partido ou ispe das roupaxes da retórica a cerna do desacougo, a raíz da sen razón.

As portas e as fiestras abertas da casa falan dunha mensaxe á procura. Mensaxes escritas, como di a autora, “con tinta, chuspe ou sangue que guinda ao baleiro coa esperanza de quen alguén as reciba”. Poren a necesidade de comunicación non simplifica os cuartos nin as galerías. Coidadas estruturas conforman o relato literario, sustentan o edificio, a incorporación de linguaxes e códigos diversos actualízano: noticias dos xornais, e-mails, anuncios publicitarios. Na malla ven a carne do océano: a literatura que nos desvela, ilumina o noso tempo, esculca no escuro.

Nese escuro o poema adquire unha acentuación singular. A voz da escritora chega ao poema exposta e disposta. Non hai doce contemplación senón pescuda doída, reescrita necesaria, urxencia de se dicir, por iso a voz non escusa a dureza das pugas, nin o veneno, nin os alacrás, nomea a intrusa, convoca ás abellas, devolve o acedo sabor do sal, deconstrúe a casa e disecciona á familia, reescribe a historia, outra historia, desafía a Ovidio, chama por Circe e Medea outras, convócanos en lecturas e relecturas, dialoga . “Escribir, -di- é entrar nun diálogo con outros, con outras. Con quen escribiu antes ca nós, con quen agora le e pode que escriba mais tarde”. Así con poucas maiúsculas vai engastando redes sen tutelas nin servidumes, afastada de veneracións e pleitesías, lonxe daquel anxo do fogar do que falou Virxina Woolf, porque a voz poética sen vertixe non disimula, non pide permiso, non busca conforto, incisiva e afiada mesmo contra si mesma, desentraña pantomimas, tira máscaras, desafía convencións, enfoca o nó. Así como as abellas de Plath ou como a danza louca de Anne Sexton -esa autora á que Marilar me abriu camiño nunha paixón compartida por esa escrita revirada, que –en versos da poeta norteamericana- se come a si mesma bocado a bocado.

“E fun unha delas”. É un verso de Anne Sexton dunha tradución inédita que dun seu poema fixo Marilar Aleixandre. Comeza o poema “Saín coas outras, bruxa posuída / afouta ás

noites, habitei a tebra; / soñei meigallos, empenei vasoira/ sobre tellados ruíns e chemineas:/ soíña con seisdedos, nas silveiras./As mulleres así non son mulleres./ Fun unha delas.

Coincidiram os Marilar Aleixandre e eu mesma na necesidade de verter ao galego este poema de Sexton, eu para unha intervención poética contra a levidade, ela nese labor necesario de tradución que mantén de Rowling a Lewis Carrol pasando por Sandra Cisneros. Un labor este recoñecido recentemente pola Asociación Galega de Tradutores. Agardo por certo con necesidade, as súas traducións de Anne Sexton, de Silvia Plath, de Adrienne Rich, e outras poetas á luz das que se ampliarán as lecturas críticas sen dúbida da obra dalgunhas poetas galegas contemporáneas.

Nesa espera, traio aquí ese poema de Anne Sexton e especialmente ese verso “Fun unha delas” porque nel vexo a síntese da actitude compartida por algunhas autoras e a escritora que hoxe celebramos. Unha confluencia, fora de xeracións e de veneracións, que se urxe na necesidade de desmontar os mitos, os estereotipos, os lugares comúns, e certos titulares. Non estou a falar de autoría feminina, nin de poesía de mulleres, senón de feminismo; de ideoloxía, de imaxinación, de soños, de causas perdidas que se soñan para ser reais. E nesa común estrañeza dos versos “As mulleres así non son mulleres. Fun unha delas” fúndase a mirada feminista que atravesada toda a obra de Marilar Aleixandre, ese ollo de vidro violeta como ela o denomina, que marca a súa mirada desde aquelas primeiras xuntanzas clandestinas. Porque tal e como ela relata: “A primeira xuntanza clandestina á que asistín na miña vida, aos dezasete anos, foi sobre feminismo. Lembro a volta á miña casa, esa tarde, nun autobús que percorría o paseo da Castellana de Madrid, e ao mirar desde a fiestra un cartel publicitario, do que esquecín o contido, agás que incluía unha imaxe de muller, souben que desde ese intre os vería con outra ollada.”. Esa ollada é a que engasta a rede. Di tamén: “é no feminismo onde me apropié da ollada coa que miro as paisaxes exteriores do mundo. Xa non sei velas doutro modo” .

E nos celebramos e agradecemos esa ollada, ese compromiso de non mirar para outro lado cando o discurso incomoda. Pois lonxe da praxada aparencia do espellismo da igualdade,

hai discursos, olladas atravesadas que aínda incomodan, molestas e se cadra inoportunas, nas causas comúns. Mais foi esa insistencia, ese dicir arestado, mesmo cando non procede, ese subliñar a inxustiza, os prexuízos, o espolio e a capacidade subversiva do discurso feminista o que foi mudando no cotián e no público as vidas nosas, de mulleres e homes, o que foi pulando no camiño de sociedades mais xustas de seres mais libres. Eses soños de tantas que foron causas perdidas antes de se facer realidade. Porque en palabras de Marilar Aleixandre: “temos que soñar as cousas se queremos acadalas algún día. Loitar por causas perdidas é unha das formas de soñar”

Á sombra dun abruñeiro desminte ela os lindes entre a bioloxía e o poema, le a Anne Sexton, traduce a Silvia Plath, atesoura as palabras do idioma que escolleu e escribe cartografías da vida cunha lingua gallada e a paixón polas causas perdidas, esas que son soños antes de se facer reais.

“E foi unha delas”

Ana Romaní

Santiago, 5 de xuño de 2010